



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E NOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

(ACTA NÚMERO 36)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Daniel García Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e nove de setembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de setembro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRIDOS A EMPREGAR EN TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EXECUTADOS POLO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes.

1.- Con data 20 de setembro de 2019, a Xunta de Goberno, aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

2.- Con data 11 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno, acordou adxudicar a contratación a favor da empresa Canteira do Penedo S.A. (CANPESA., por un período de dous anos, prorrogables por outros dous, por importe de 277.100,01 euros, aos que se engadirán 58.191,00 euros (21%) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 335.291,01 €.

3.- Con data 17 de xaneiro de 2020, asíñase o correspondente contrato administrativo e a acta de inicio.

4.- Con data 18 de setembro de 2023, infórmase sobre a necesidade da modificación contractual.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP recolle no apartado “R” do cadro resumo e na cláusula vixésimo cuarta do prego a posibilidade de modificar o contrato cando as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, co límite máximo do 10% do orzamento máximo.

Dita modificación deberá estar debidamente acreditada no expediente, e tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado,



reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

Segunda.- O Xefe do Parque Móbil, remite informe no que se pon de manifesto que as necesidades reais son superiores ás estimadas inicialmente, razón ésta que xustifica a modificación proposta.

Terceira.- O artigo 203, da LCSP recolle a potestade de modificación do contrato, e di:

“1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta Lei respecto a sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

2. Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En calquera outros supostos, se fose necesario que un contrato en vigor executáse en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo condicións pertinentes, no seu caso previa convocatoria e sustanciación dunha nova licitación pública de conformidade co establecido nesta Lei, sen prexuízo do disposto no apartado 6 do artigo 213 respecto da obriga do contratista de adoptar medidas que resulten necesarias por razóns de seguridade, servizo público ou posible ruína.

3. As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán publicarse de cordo co establecido nos artigos 207 e 63.”

O artigo 204 da LCSP, sobre as modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, di:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares advertínse expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concurrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

2. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

Cuarta.- De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.” Sendo necesario, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Quinta.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 que “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, e que figura no apartado B do cadro resumo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como



consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

En atención ás consideracións expostas propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do contrato de subministración de subministración de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo parque móbil da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 13.855,00 euros, aos que se engadirán 2.909,55 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 16.764,55 euros.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (692,75 euros), constituído de conformidade co disposto no PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: A PASTORIZA.- mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 14/09/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A PASTORIZA aprobado pola Xunta de Goberno en data 28/04/2023 e asinado en data 04/05/2023 para a execución dos fins comúns consistentes na mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza do que trae causa esta licitación.
2. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7046RSFM7Y3GEP43YEIID7L4¹.
3. proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas asinado por D. Héctor Diéguez Aranda.
4. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV705SX3ZAV3RLHM7Q4XM3S7IA.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV705TANP7WDZ2UZA4NAVYDEY.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV705TACFINYZ3Z72LXV6HQFEY.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV705WKIHT4UTWZ256DENPSN4.
8. Acordo da Xunta de Goberno, de data 26/05/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7067LMH34ITH6KYL6AJZYG44
9. Publicación, o día 26/05/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).
10. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
11. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 23/06/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV702GJYFB5N3P7T6Q4XCTXPEA, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e requirimento de emenda de documentación.
12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/06/2023, dando conta da emenda de documentación, con CSV: IV702GJYFB5N3P7T6Q4XCTXPEA, e unha vez subsanada, aceptadas todas á licitación da obra, para posteriormente aperturar a oferta técnica.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

13. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7PWXLIEP2VDBJZTUQ6ZPVC4, reunida en acto público con data 04/08/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	7,02
CONSTRUCCIONES SANLE LUGO SL	7,84
GRUPO BASCUAS 2008 SL	9,93
HORDESCÓN SL	12,41
NOVAVIAL SL	14,61
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	17,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)			339.910,73		IVE. PARTIDA INDEPEND			
VALOR ESTIMADO			280.917,96					
CLASIFICACION EXIGIDA:								
PRAZO DE EXECUCION:			3 MESES			MAX 5.618,36 €		
EMPRESAS / (GRUPO)			DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
				PREZO (IVE incluído .- art 102) (60)	MELLORAS (M COLECTOR PVC) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL			264.790,46 €	30	SI	200,00	42/0
2	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO SL			298.828,82 €	25	SI	600,00	13/0
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL			308.978,86 €	6	SI	20,00	112/3
4	HORDESCÓN SL			325.770,44 €	10	NO	500,00	18/0
5	NOVAVIAL SL			299.495,34 €	60	SI	5.618,36	8/0
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU			319.077,00 €	30	SI	500,00	58/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBXECTIVOS (80)							XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)		TOTAL	
			PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA (20)		
			OFERTA (INCLUIDO IVA)		M COLECTOR PVC		SI / NO		MAXIMO 2% V.E. €	5.618,36 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
		PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS				
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	264.790,46 €	60,00	30,00	5,00	SI	5,00	200,00	0,18	7,02	77,20		
2	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO SL	298.828,82 €	32,81	25,00	4,17	SI	5,00	600,00	0,53	7,84	50,35		
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	308.978,86 €	24,71	6,00	1,00	SI	5,00	20,00	0,02	9,93	40,66		
4	HORDESCÓN SL	325.770,44 €	11,29	10,00	1,67	NO	0,00	500,00	0,44	12,41	25,81		
5	NOVAVIAL SL	299.495,34 €	32,28	60,00	10,00	SI	5,00	5.618,36	5,00	14,61	66,89		
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	319.077,00 €	16,64	30,00	5,00	SI	5,00	500,00	0,44	17,00	44,08		

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL		264.790,46 €
2	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO SL		298.828,82 €
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		308.978,86 €
4	HORDESCÓN SL		325.770,44 €
5	NOVAVIAL SL		299.495,34 €
6	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		319.077,00 €

MEDIA
302.823,49

BAIXA DESPROPORCIONADA
272.541,14

10% ARRIBA
333.105,84

Tendo en conta que a oferta presentada pola empresa Construcciones Isidro Otero SL incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

14. Pola Unidade de Obras e Plans requiriuse a mercantil Construcciones Isidro Otero SL, que presentou documentación dentro do prazo outorgado ao efecto, dando traslado da mesma ao Servizo de Vías e Obras, a fin de que emita informe sobre a oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

15. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7PRTRNPEW2RX6D6EMAKH3SEI, reunida en acto público con data 24/08/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, que conclúe:

“(…)

A xuízo do técnico que subscribe, e en base ao establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e o art. 149.4 da LCSP que rexen esta contratación, a xustificación presentada pola mercantil Construcciones Isidro Otero, SL precisa as condicións da oferta en canto a aforros que permite a método de construción e fabricación e as condicións favorables das que dispón para executar as obras, non fundamentándose en hipótesis ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, o que permite concluir que sexa factible a execución dos traballos ao prezo ofertado.

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento e toma de decisión sobre a viabilidade da execución dos traballos por parte da mercantil Construcciones Isidro Otero, SL”.



Tendo en conta o anteriormente exposto, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Aceptar, en base ao informe técnico, a xustificación da oferta desproporcionada ou anormalmente baixa da oferta da mercantil Construcciones Isidro Otero SL.

b) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL	77,20
2	NOVAVIAL SL	66,89
3	CONSTRUCCIONES SANLE LUGO SL	50,35
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	44,08
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	40,66
6	HORDESCÓN SL	25,81

c) Requerir á mercantil Construcciones Isidro Otero SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 10.941,75 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

16. Por resolución da Presidencia de data 28/08/2023, con CSV: IV7PS2PNHMRIWXOKCY4EOMTUM4, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Isidro Otero SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 29/08/2023, rematando o prazo de presentación o día 12/09/2023. A mercantil Construcciones Isidro Otero SL, presentou a documentación requirida o 07/09/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 14/09/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Isidro Otero SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1. Requiritir á mercantil Construcciones Isidro Otero SL, para que presente garantía definitiva-complementaria por importe do 5% do prezo (sen IVE), (10.941,75 euros) ao formular proposta de adxudicación a favor do licitador cuxa oferta incorre inicialmente en presunción de anormalidade, de acordo co establecido no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans- para o requirimento e verificación previa á adxudicación.

E propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, e verificación da constitución da garantía definitiva-complementaria indicada, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 representada por D. Isidro Otero Bello, con DNI ***0468**, a contratación da obra denominada A PASTORIZA.- Mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza.- (2023/CON_02/000038), unha vez cofre eficacia a constitución da garantía complementaria indicada anteriormente, nos termos seguintes:

Prezo de 264.790,46 €, dos cales 45.955,37€ corresponden ao IVE (21%).

Melloras de obra consistentes en 30 m de aumento de colector de PVC de diámetro 250, coas características indicadas no PCAP.

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.

Prazo de execución 3 meses previstos no PCAP menos o ofertado polo contratista na oferta técnica, que indica unha redución de 2 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas;



diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo Servizo de Contratación, a vista do acordo da Mesa, emítese informe de data 19/09/2023 relativo a verificación da constitución por parte da mercantil Construcciones Isidro Otero SL, da garantía complementaria requirida.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Isidro Otero SL con C.I.F. B-27250182 representada por D. Isidro Otero Bello, con DNI ***0468**, a contratación da obra denominada A PASTORIZA.- Mellora de servizos núcleo urbano A Pastoriza.- (2023/CON_02/000038), nos termos seguintes:

- a. Prezo de 264.790,46 €, dos cales 45.955,37€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Melloras de obra consistentes en 30 m de aumento de colector de PVC de diámetro 250, coas características indicadas no PCAP.
- c. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- d. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 200,00€ mais IVE.
- e. Prazo de execución 3 meses previstos no PCAP menos o ofertado polo contratista na oferta técnica, que indica unha redución de 2 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da

LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas; diminución do prazo de execución, de ser o caso; a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro Atención a Maiores.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22/09/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Convenio interadministrativo de cooperación (e addendas) entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pobra do Brollón, sendo última a addenda 4, aprobada polo pleno en data 28/03/2023 e asinada o 13/04/2023 e da que trae causa esta licitación.
2. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV70XSTP3I5TRH43ADWG7YL7K4².

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



3. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro Atención a Maiores, redactado pola Arquitecta D. Mónica Marras Mosquera.

4. Licenza de obra outorgada polo Concello de Pobra do Brollón e pago da mesma.

5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7OUGT7HEM4UXZ4CY7SK7YTI4

6. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7OXXZ5FL77307Z2ZHEA4QTI4

7. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7OXUCCFZROSSNNC3XQNYLQGU

8. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7OXUBSPR7LUTVZWUESNZZSME

9. Acordo da Xunta de Goberno, de data 21/04/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7OQTXSPLR24X7DSFYD74ZGB4

10. Publicación, o día 21/04/2023 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

11. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

12. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 19/05/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV704AJSYDVT3762H6A77QDOI, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Arquitectura para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

13. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7PUGY7DZNZRZFMULYA0YJEA, reunida en acto público con data 28/07/2023, dando conta do informe do Servizo de Arquitectura, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
CONSTRUCCIONES ALEA SL	19,00
OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	20,00
OGMIOS PROYECTO SL	11,50
ORECO BALGON SA	16,00
PROYECON GALICIA SA	16,00

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION:

2.472.861,77	
2.248.056,15	224.805,62

IVE. PARTIDA
INDEPEND

C-2-4 E C-4-4

12 MESES

EMPRESAS / (GRUPO)			DOC "A"	OBJETIVOS (75)			CRITERIO DESEMPATE
				PREZO (IVE incluído .- art 102) (55)	MELLORAS VIDEOVIXILANCIA (SI/NO) (10)	MELLORA PRAZO GARANTÍA 2-3-4 ANOS (4-6-10)	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL			2.196.395,82 €	SI	4,00	85/2
2	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL			2.234.229,80 €	SI	4,00	28/0
3	OGMIOS PROYECTO SL			2.311.100,00 €	SI	4,00	34/0
4	ORECO BALGÓN SA			2.391.751,90 €	SI	4,00	96/0
5	PROYECON GALICIA SA			2.297.773,50 €	SI	4,00	115/2

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		OBJECTIVOS (75)						XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (25)	TOTAL
		PREZO (55)		MELLORAS (...) (10)		MELLORA PRAZO DE GARANTIA 2-3-4 ANOS (10)		MEMORIA TÉCNICA (25)	
		OFERTA (INCLÚIDO IVA)	PTOS	VIDEOVIXILANCAI (SI / NO) 10		2-3-4 /4-6-10		SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
				SI / NO	PTOS	2-3-4	PTOS	PTOS	
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	2.196.395,82 €	55,00	SI	10,00	4	10,00	19,00	94,00
2	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	2.234.229,80 €	47,47	SI	10,00	4	10,00	20,00	87,47
3	OGMIOS PROYECTO SL	2.311.100,00 €	32,18	SI	10,00	4	10,00	11,50	63,68
4	ORECO BALGÓN SA	2.391.751,90 €	16,14	SI	10,00	4	10,00	16,00	52,14
5	PROYECON GALICIA SA	2.297.773,50 €	34,83	SI	10,00	4	10,00	16,00	70,83

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL		2.196.395,82 €
2	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL		2.234.229,80 €
3	OGMIOS PROYECTO SL		2.311.100,00 €
4	ORECO BALGÓN SA		2.391.751,90 €
5	PROYECON GALICIA SA		2.297.773,50 €

MEDIA 2.286.250,20

BAIXA DESPROPORCIONADA 2.057.625,18
--

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:



EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	CONSTRUCCIONES ALEA SL	94,00
2	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	87,47
3	PROYECON GALICIA SA	70,83
4	OGMIOS PROYECTO SL	63,68
5	ORECO BALGÓN SA	52,14

b) Requerir á mercantil Construcciones Alea SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 99.836,17 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

14. Por resolución da Presidencia de data 18/08/2023, con CSV: IV7PQ7IYBZ57VJNQX4UEIRVGA, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Alea SL, para que dentro do prazo de dez días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 23/08/2023, rematando o prazo de presentación o día 06/09/2023. A mercantil Construcciones Alea SL, presentou documentación o 06/09/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

15. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14/09/2023 para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7P4IBOHUNIQUJD4QFRMB2Q4Q, relativa á apertura da documentación achegada pola mercantil Construcciones Alea SL, e acordando concederlle 3 días para a subsanación da documentación non achegada ou errónea.

16. Escrito de emenda remitido a través da plataforma de contratos do sector público en data 14/09/2023 así como documentación remitida.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 22/09/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e

requirimento de emenda, e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Alea SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Alea SL con C.I.F. B-32001687 representada por D. Javier Doval Atrio con DNI ***9937**, a contratación da obra denominada POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro Atención a Maiores (2023/CON_02/000031), nos termos seguintes:

Prezo de 2.196.395,82 €, dos cales 199.672,35€ corresponden ao IVE (10%).

Melloras de obra consistentes en instalación de sistema de vídeo vixilancia, coas características indicadas no PCAP.

Aumento do prazo de garantía en 4 anos por enriba do obrigatorio.

Prazo de execución 12 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, técnica e económica, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.



Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Alea SL con C.I.F. B-32001687 representada por D. Javier Doval Atrio con DNI ***9937**, a contratación da obra denominada POBRA DO BROLLÓN.- Construción Centro Atención a Maiores (2023/CON_02/000031), nos termos seguintes:

a. Prezo de 2.196.395,82 €, dos cales 199.672,35€ corresponden ao IVE (10%) de acordo ás anualidades seguintes:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2023	2315.622/55	1.470.882,61€	22023/7070
2024		362.756,61€	220239/113
2025		362.756,60€	220239/113
TOTAL		2.196.395,82€	

A Deputación adquire o compromiso, supeditato a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades de 2024 e 2025 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas no cadro “*up supra*”.

b. Melloras de obra consistentes en instalación de sistema de vídeo vixilancia, coas características indicadas no PCAP.

c. Aumento do prazo de garantía en 4 anos por enriba do obrigatorio.

d. Prazo de execución 12 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, técnica e económica, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual unha vez que polo adxudicatario acredite a alta no IAE no ámbito territorial onde se executa a obra, e dicir no municipio de Pobra do Brollón.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: BALEIRA-BECERREÁ- A FONSAGRADA- NAVIA DE SUARNA.- Reposición sinalización horizontal LU-P-0708 “Cereixal (N-VI) – Louxas (LU-P-1901)”, P.K. 0+000 a 26+429.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22/09/2023 na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV704XD4DZE7R35SCRYRBZSB4A³
2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: BALEIRA- BECERREÁ- A FONSAGRADA- NAVIA DE SUARNA.- Reposición sinalización horizontal LU-P-0708 “Cereixal (N-VI) – Louxas (LU-P-1901)”, P.K. 0+000 a 26+429 (2023/CON_02/000043) redactado por Don Héctor Diéguez Aranda.
3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV704XLYABGYTPESBV4C4MPEHY
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV704234ZNMXS5IXQO464LTIY
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV70423SIF66T7R3YV5V45TEGM
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7043DMOE7DJRG56T6Q4B2S6Y

³ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 19/05/2023, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV704AHNDUWD36MZ6NNNGMKPKM

8. Publicación, o día 19/05/2023, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 16/06/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV70ZWHS2EW4LC5SXRWDCT2GII, dando conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente e admisión das mesmas á licitación da obra indicada.

Unha vez abertos os arquivos relativos a “oferta técnica” remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7PWXLZMFE6JWX4WUOCEL7QD4, reunida en acto público con data 04/08/2023 dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

API MOVILIDAD SA	0,00
CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL	6,00
EUROSEÑAL	0,00
GRUPO BASCUAS 2008 SL	8,75
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	9,50
SEROVIAL SL	5,25
SEÑALIZACIONES NORTE SL	14,25

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

PAZO DE EXECUCION:

65.024,82
53.739,52

IVE. PARTIDA

INDEPEND

11285,2992

2

MAX
1.074,79 €

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	OBJETIVOS (80)			CRITERIO DESEMPATE
La ejecución de las obras definidas en los proyectos que se redacten.

La asistencia técnica a la dirección de obra en el control y vigilancia de las obras, coordinación en materia de medio ambiente, gestión de residuos y de seguridad y salud.



Las expropiaciones o adquisiciones de terrenos necesarias, en su caso.

Estas aportaciones serán recogidas oportunamente en los presupuestos de cada una de las administraciones intervinientes de acuerdo con lo previsto en la legislación presupuestaria, a tenor del grado de desarrollo de la actuación. Teniendo en cuenta la estimación total prevista, ésta se distribuye en las siguientes anualidades:

ANUALIDAD	MITMA	DIPUTACIÓN DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2023	10.000	5.000	5.000
2024	1.700.000	125.000	62.000
2025	1.700.000	125.000	62.000
2026	1.700.000	125.000	61.000
2027	1.640.000	120.000	60.000
TOTAL	6.750.000	500.000	250.000

La financiación del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana se llevará a cabo con cargo a la aplicación presupuestaria 17.38.453B.611.

La Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana emitirá las certificaciones correspondientes que serán asignadas proporcionalmente según lo enunciado en los párrafos anteriores al capítulo 6 del programa 453B de la Dirección General de Carreteras y a las partidas presupuestarias que establezcan la Diputación de Lugo y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para el gasto correspondiente.

Por ello, en los meses en los que proceda, las empresas adjudicatarias emitirán tres facturas que darán lugar a tres certificaciones, separando la inversión financiada por el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana de la financiada por la Diputación de Lugo y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

El coste final de las actuaciones vendrá afectado, en su caso, por las bajas de adjudicación y las incidencias que puedan producirse en el desarrollo del contrato.

Si el importe total de las actuaciones excediera del estimado en esta cláusula, la financiación del exceso requerirá nuevo acuerdo entre las partes, previo cumplimiento de los trámites y requisitos que sean exigibles con la legislación vigente.

De no ejecutarse las inversiones previstas en cada ejercicio las anualidades podrán ajustarse en función del ritmo real de las mismas conforme se indica a continuación, siempre que no se altere el importe total de lo comprometido por cada una de las partes. En este supuesto, la tramitación del expediente financiero de reajuste de anualidades no precisará la suscripción de una nueva adenda, siendo suficiente el acuerdo de la Comisión de Seguimiento con la propuesta de reprogramación de los importes.

Sexta.- Plazo.

El convenio estará vigente hasta la recepción y liquidación de las obras y, como máximo, por un plazo de 4 años desde la fecha en que sea eficaz, una vez inscrito en el

Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal. Asimismo, será publicado en el Boletín Oficial del Estado.

La vigencia del convenio podrá prorrogarse por un período de hasta cuatro años adicionales, conforme al artículo 49 apartado h), de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, mediante la tramitación de la adenda correspondiente, previo cumplimiento de todos los trámites y requisitos que resulten preceptivos de conformidad con la legislación vigente.

Séptima.- Seguimiento del convenio.

A los efectos de asumir las facultades reconocidas en este Convenio y de velar por el cumplimiento de las obligaciones contraídas por cada una de las partes intervinientes, se creará una Comisión Paritaria de Seguimiento integrada por dos representantes del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, dos representantes de la Diputación y dos representantes del Ayuntamiento. La presidencia de la Comisión la ejercerá uno de los representantes del Ministerio.

Sus miembros podrán ser sustituidos por otros suplentes. Así mismo los miembros de la comisión pueden ser asistidos por los técnicos que se juzgue conveniente de acuerdo con la naturaleza del tema a tratar.

La comisión se reunirá a lo largo de la ejecución del convenio en sesión ordinaria una vez al año, y extraordinaria siempre que lo requiera el asunto a tratar, a solicitud de una de las partes.

Las reuniones podrán celebrarse de forma presencial o telemática, por videoconferencia.

La presidencia ostentará voto dirimente en caso de empate a efectos de adoptar acuerdos en el seno de la comisión.

Si algún representante de la comisión no pudiera asistir a la reunión, ni tampoco su suplente, si lo hubiera, delegará su voto en otra persona integrante de la comisión.

Sus funciones, entre otras, serán las siguientes:

La programación y el seguimiento de las actuaciones objeto del convenio, proponiendo a las respectivas Administraciones las modificaciones que considere precisas.

Evaluar el cumplimiento del convenio en aquellos aspectos técnicos objeto de éste, proponiendo las actuaciones que se consideren precisas.

Llevar a cabo el seguimiento de los estudios, proyectos y actuaciones derivadas del presente convenio, informando del contenido tanto de los proyectos como de sus presupuestos, así como de la ejecución de las obras y desarrollo de las actuaciones necesarias.

Proponer la interpretación, en caso de duda, del contenido del convenio.

Proponer a las partes la resolución de las posibles controversias que pudiesen surgir en la aplicación del convenio.



Proponer la modificación de este convenio, a iniciativa de cualquiera de las partes suscriptoras del mismo.

En caso de que fuese necesario un reajuste de anualidades, acordar y elevar su propuesta, que se formalizará mediante la firma de la correspondiente acta.

Proponer la prórroga del convenio si alcanzado el plazo de vigencia no se hubieran alcanzado los objetivos del mismo.

En lo no previsto de forma expresa en el convenio para la Comisión Paritaria de Seguimiento, serán de aplicación las normas reguladoras de los órganos colegiados recogidas en la Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público.

Novena.- Información A La IGAE.

La Comisión Paritaria de Seguimiento, el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, la Diputación de Lugo y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos facilitarán toda la información necesaria para que la Intervención General de la Administración del Estado pueda efectuar, si lo considera oportuno, el adecuado ejercicio de las funciones de control.

Décima.- Titularidad.

Una vez firmada el acta de recepción de las obras, se cederá al Ayuntamiento de Monforte de Lemos el tramo de carretera “Conexión entre la N-120A y la nueva N-120”, con todos sus elementos auxiliares y equipamientos.

La citada cesión se realiza al amparo de lo dispuesto en el artículo 49.1 de la Ley 37/2015, de Carreteras, agotándose sus efectos en un solo acto, la formalización del acta de entrega, momento a partir del cual los referidos tramos pasan a ser de titularidad municipal, correspondiendo a la nueva administración titular el ejercicio de todas las competencias sobre los mismos. No resultan, por tanto, de aplicación en este punto, las cláusulas relativas al plazo de vigencia, obligaciones y compromisos de las partes, consecuencias del incumplimiento, mecanismos de seguimiento y régimen de modificación.

Décima primera.- Formalización de la cesión.

De conformidad con lo establecido en el artículo 49.1 de la Ley 37/2015, de Carreteras, por medio de este convenio se acuerda la entrega por parte del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana al Ayuntamiento de Monforte de Lemos el tramo de carretera “Conexión entre la N-120A y la nueva N-120”.

El cambio de titularidad se formalizará mediante acta de entrega suscrita por las Administraciones interesadas, en la que se definirán con precisión el límite del tramo afectado y bienes anejos. Dicha acta se suscribirá en un plazo no superior a tres meses desde la firma del acta de recepción de las obras.

Quedan facultados para la firma del acta el Jefe de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, en representación del Ministerio de Transportes, Movilidad y

Agenda Urbana, y el *****, en representación del Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Décima segunda. Eficacia.

Conforme a lo dispuesto en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015 de Régimen Jurídico del Sector Público LRJSP, el presente convenio se perfeccionará por la prestación de consentimiento de las partes y devendrá eficaz una vez inscrito, en el plazo de 5 días hábiles desde su formalización, en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal, al que se refiere la disposición adicional séptima. Asimismo, será publicado en el plazo de 10 días hábiles desde su formalización y publicado en el «Boletín Oficial del Estado».

Décima tercera. Modificación.

Las partes, a propuesta de la Comisión Paritaria de Seguimiento por unanimidad y de forma expresa, podrán modificar este convenio, mediante la suscripción de la correspondiente adenda durante la vigencia del mismo, previo cumplimiento de todos los trámites y requisitos que resulten preceptivos de conformidad con la legislación vigente.

Décima cuarta. Visibilidad de las partes en el desarrollo del convenio.

Con el fin de dar notoriedad a las actuaciones objeto de este convenio, se establecerá una programación de los actos formales vinculados al desarrollo del convenio para coordinar la participación conjunta de ambas instituciones, para lo cual también se desarrollarán los trabajos correspondientes para incluir de manera visible la imagen corporativa de cada administración, informando de la colaboración conjunta de ambas administraciones en la financiación del proyecto.

Décima quinta. Extinción y resolución del convenio.

El convenio se extinguirá por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en alguna de las causas de resolución establecidas en el artículo 51.2 de la Ley 40/2015 de Régimen Jurídico del Sector Público o la imposibilidad de la ejecución de los compromisos adquiridos.

La resolución del convenio por la causa establecida en el artículo 51.2.c) de la LRJSP, conllevará el pago de una indemnización a los demás otorgantes del convenio por los perjuicios causados derivados de actuaciones ya ejecutadas o como consecuencia de otras actuaciones que tengan que asumir debido al referido incumplimiento.

La/s parte/s que haya/n dado lugar a la resolución del convenio por incumplimiento de sus obligaciones deberá/n resarcir a la/s otra/s parte/s firmante/s por el valor de los gastos que las mismas hayan realizado más los intereses legales correspondientes. En el supuesto de resolución del convenio, la comisión levantará acta de la situación administrativa y económica en que se encuentren los expedientes, dando curso a las obligaciones o derechos reconocidos por las partes, y establecerá, en función de la



causa concreta de extinción y a la vista de la situación particular de las actuaciones en curso, la forma de continuación de las mismas y la forma de entrega de las obras al organismo competente, continuando su tramitación con las limitaciones impuestas por la vigencia prevista del convenio.

Las partes formalizarán un acuerdo de resolución del convenio en el que se fijará un plazo improrrogable para la continuación y finalización de las actuaciones en curso, transcurrido el cuál el convenio deberá liquidarse.

Décima sexta. Liquidación.

Finalizado el plazo de duración del convenio, en un plazo de tres meses se procederá a la liquidación del mismo.

A tal efecto, el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana remitirá a la comisión, la documentación justificativa que acredite la ejecución de las actuaciones. Tras analizar la documentación justificativa, la comisión propondrá a los suscriptores del convenio la aprobación de la liquidación.

Décima séptima. Naturaleza y jurisdicción.

Este convenio tiene naturaleza administrativa y se celebra al amparo de lo dispuesto en el capítulo VI de la Ley 40/2015.

Las cuestiones litigiosas que puedan surgir entre las partes relativas a la interpretación y ejecución de las obligaciones que en aplicación de este convenio no queden resueltas en la Comisión Paritaria de Seguimiento serán resueltas de conformidad con lo previsto en la Ley 29/1988, de 13 de julio, de la jurisdicción contenciosa administrativa.

Y en prueba de conformidad, firman este documento en la fecha de la firma electrónica, tomándose como fecha de formalización la fecha del último firmante.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 500.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio dos que 5.000,00 € son financiados con cargo á anualidade 2023 na aplicación orzamentaria 1510.720.

3º.- Adquirir o compromiso de incluír:

No orzamento do ano 2024 a contía de 125.000,00 €

No orzamento do ano 2025 a contía de 125.000,00 €

No orzamento do ano 2026 a contía de 125.000,00 €

No orzamento do ano 2027 a contía de 120.000,00 €

Tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Modificación do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural, do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 18 de novembro de 2022, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado polas partes o día 2 de decembro de 2022.

O 25 de setembro de 2023, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2023RT014743) escrito do representante legal do Concello de A Pontenova, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a sinatura dunha addenda na que se recolla:

A modificación do obxecto do convenio, pasando a ser este o de “Renovación de pavimentos e da rede de abastecemento de auga en Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova; cuxa execución, segundo novo proxecto achegado, ten un custo estimado de 48.360,14 €.

A ampliación do prazo para a execución das obras que constitúen o seu obxecto.

En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, tendo en conta as disposicións legal, regulamentaria e convencionalmente establecidas, informouse favorablemente a dita modificación, se ben engadindo, por extensión, a modificación da cláusula quinta, no tocante ao prazo de xustificación.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- A modificación das cláusulas primeira, terceira, cuarta e quinta do convenio de referencia e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:



“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova, para a realización conxunta das obras de “Renovación de pavimentos, rede de abastecemento de auga e rede de saneamento de pluviais en Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Reunidos.

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL); e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.

E doutra, don Darío Campos Conde, con DNI nº: ***0362**, alcalde do Concello de A Pontenova, con NIF: P2704800H, e sede social na Praza do Concello, s/n, de A Pontenova, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 2 de decembro de 2022 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova, para a realización conxunta das obras de “renovación de pavimentos, rede de abastecemento de auga e rede de saneamento de pluviais en Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Segundo.- A cláusula primeira (Obxecto do convenio) establece o seguinte:
“Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova, para a realización conxunta das obras de “Renovación de pavimentos, rede de abastecemento de auga e rede de saneamento de pluviais en Vileimil, parroquia de

Vilaboa, municipio de A Pontenova”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Para realizar as ditas obras e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométense a executar e financiar as obras e gastos seguintes, segundo se reflicte no anteproxecto presentado polo representante do Concello de A Pontenova:

GASTOS	
Concepto	Custo
- Execución material das obras de renovación de pavimentos, rede de abastecemento de auga e rede de saneamento de pluviais en Vileimil, parroquia de Vilaboa, Municipio de A Pontenova	205.873,65 €
- Gastos xerais (13%)	26.763,57 €
- Beneficio industrial (6%)	12.352,42 €
- IVE (21%)	51.447,82 €
TOTAL GASTOS	296.437,46 €

(...).

As citadas obras financiaranse segundo se reflicte na seguinte táboa:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO	50.000,00 €
CONCELLO DE A PONTENOVA	246.437,46 €
TOTAL	296.437,46 €

Terceiro.- Consonte á cláusula terceira (Obrigas, compromisos e facultades das partes):

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 50.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022.

2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución das obras resulten inferiores aos inicialmente previstos, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de A Pontenova.

No caso de que o importe das baixas e/ou da diminución dos custos de execución das obras sexa superior á cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello de A Pontenova, segundo o disposto no parágrafo anterior, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación Provincial ou, previa solicitude de aquel, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

B. Do Concello de A Pontenova.

(...).



5) Achegar como contribución ao fin común, a cantidade de 246.437,46, así como o importe que, de ser preciso, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

6) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2023.

Cuarto.- Dispón a cláusula cuarta (Réxime económico e titularidade dos resultados):

1. Achegas.

(...).

B. Do Concello de A Pontenova.

O Concello de A Pontenova achegará a cantidade de 246.437,46 €, así como o importe que, de ser preciso, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de A Pontenova será titular do resultado da cooperación: obras de renovación de pavimentos, rede de abastecemento de auga e rede de saneamento de pluviais en Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Quinto.- Finalmente, a cláusula quinta (Xustificación da achega económica) establece: Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 31 de outubro de 2023, o Concello de A Pontenova presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

(...).

Sexto.- O 25 de setembro de 2023, ao abeiro do disposto na cláusula sétima do citado convenio, o representante legal do Concello de A Pontenova presentou no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a sinatura dunha addenda na que se recolla:

A modificación do obxecto do convenio, pasando a ser este o de “Renovación de pavimentos e da rede de abastecemento de auga en Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova; cuxa execución, segundo novo proxecto achegado, ten un custo estimado de 48.360,14 €.

A ampliación do prazo para a execución das obras que constitúen o seu obxecto.

Sétimo.- En relación con esta solicitude, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, se ben engadindo, por extensión, a modificación da cláusula quinta, no tocante ao prazo de xustificación; a

cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non alteraba as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpría cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitíuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

Estipulacións.

Primeira.- A Cláusula primeira.- Obxecto do convenio, queda redactada do seguinte xeito:

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pontenova, para a realización conxunta das obras de “Renovación de pavimentos e da rede de abastecemento de auga en catro camiños de Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Para realizar as ditas obras e acadar o citado fin, ámbalas dúas Administracións comprométese a executar e financiar as obras e gastos estimativos seguintes, segundo se reflicte no proxecto presentado polo representante do Concello de A Pontenova:

GASTOS	
Concepto	Custo
- Execución material das obras de renovación de pavimentos e da rede de abastecemento de auga en catro camiños de Vileimil, parroquia de Vilaboa, Municipio de A Pontenova	33.585,76 €
- Gastos xerais (13%)	4.366,15 €
- Beneficio industrial (6%)	2.015,15 €
- IVE (21%)	8.393,08 €
TOTAL GASTOS	48.360,14 €

Tal e como se reflicte naquel, os viais onde se formula a execución das obras son de titularidade municipal, inventariados cos números 596, 653, 671 e 706, existindo, polo tanto, dispoñibilidade dos terreos para a realización das obras, non sendo necesaria a realización de ningunha expropiación.

Con todo, a rede de abastecemento de auga, discorre, na súa maior parte, por fincas de propiedade privada, sendo necesaria a autorización dos distintos propietarios afectados, para a execución desa parte das obras.

As citadas obras financiaranse integramente pola Deputación Provincial de Lugo.



Ámbalas dúas Administracións obríganse a realizar os trámites xurídico-administrativos que resulten necesarios para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- A Cláusula terceira.- Obrigas, compromisos e facultades das partes modifícase co seguinte teor:

Para a consecución dos fins pretendidos coa sinatura do presente convenio, as partes que o subscriben conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades:

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

- 1) Financiamento dos gastos descritos na cláusula primeira, polos importes indicados, cun total de 48.360,14 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022.
- 2) No caso de producirse baixas na licitación e/ou de que os custos de execución do obxecto do convenio resulten inferiores aos inicialmente previstos, poderá reducir a cantidade estipulada para o financiamento por ela comprometido ou, previa solicitude do representante do Concello de A Pontenova, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución de outras actuacións, que deberán ter a mesma finalidade e respecto das que deberá achegarse o correspondente proxecto.

B. Do Concello de A Pontenova.

- 1) Elaborar, supervisar, aprobar e reformular o correspondente proxecto que defina con precisión as obras a executar.
- 2) Asumir a dirección de obra, a dirección de execución e a coordinación en materia de seguridade e saúde.
- 3) Obter os permisos e autorizacións que resulten preceptivas, de ser o caso, para a realización de aquelas, incluíndo o seu aseguramento.
- 4) Licitar a execución das obras con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como órgano de contratación, soportando, de ser o caso, os tributos que se apliquen.
- 5) Achegar, como contribución ao fin común, a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.
- 6) Executar as obras relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 1 de decembro de 2023.
- 7) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
- 8) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

9) Difundir a colaboración prestada polo ente provincial no formato (cartel e/ou adhesivo ou semellante) que lle será facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Terceira.- A Cláusula cuarta.- Réxime económico e titularidade dos resultados queda redactada do seguinte xeito:

1. Achegas.

A. Da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega total de 48.360,14 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial do exercicio 2022, para que o Concello de A Pontenova poida afrontar os gastos mencionados na cláusula primeira.

B. Do Concello de A Pontenova.

O Concello de A Pontenova achegará a cantidade que, de esgotarse o orzamento inicialmente previsto, resulte necesaria para dar cumprimento ao fin común perseguido e á correcta execución das obras.

2. Titularidade dos resultados.

O Concello de A Pontenova será titular do resultado da cooperación: obras de renovación de pavimentos e da rede de abastecemento de auga en catro camiños de Vileimil, parroquia de Vilaboa, municipio de A Pontenova, coa obriga de dedicar o mesmo ao fin pretendido coa sinatura deste convenio.

Cuarta.- A Cláusula quinta.- Xustificación da achega económica modifícase co seguinte teor:

Unha vez finalicen as obras previstas e contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo o 11 de decembro de 2023, o Concello de A Pontenova presentará ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa conxunta das actuacións e dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria das actuacións realizadas.

Relación clasificada de gastos polo custo total das obras obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago.

Acta de recepción das obras, expedida polo facultativo designado polo Concello de A Pontenova.

Certificación, expedida polo Interventor ou o Secretario municipal:

Indicativa do custo total da actividade desenvolta e dos importes do financiamento.



Acreditativa de que a relación dos gastos da actividade atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente, e pagadas.

Indicativa de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Fotografías das obras realizadas no marco deste convenio.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello de A Pontenova:

Na que se indiquen as subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades, públicas ou privadas, para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, o feito de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Na que se faga constar que este non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Indicando que a entidade asumiu o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben indicando que o concello non asume o custo do IVE, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte integrante do mesmo.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 7 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación de adenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria.*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se establece:

Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes na “Adquisición e instalación de videomarcador para o pavillón José Mario González de Sarria”.

En relación ao asunto de referencia emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 14 de xuño de 2023 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes na “Adquisición e instalación de videomarcador para o pavillón José Mario González de Sarria”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 19 de maio de 2023.

Na súa virtude, o Concello de Sarria comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de outubro de 2023. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio e, en todo caso, como data límite do 31 de marzo de 2024.

Segundo.- O representante legal do Concello de Sarria en data 18/09/2023, expediente 2023/PES_03/019741 presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado no que atinxe a cláusula Terceira no referido á data límite de execución das actuacións obxecto deste convenio, ao abeiro do disposto na cláusula sexta do amentado convenio.

No seu escrito, o Concello de Sarria expón como causas da referida solicitude de adiamento de prazos e modificación do convenio:

“En relación coa achega municipal, non había crédito no orzamento prorrogado para 2023, polo que foi necesario realizar as xestións correspondentes para dotalo a través dunha modificación de crédito.

Tendo tamén en conta que o prazo máximo previsto para a execución da prestación subvencionada resulta moi axustado ao coincidir co período estival, no que moitas empresas atópanse en período vacacional e que iso dificulta o cumprimento dos prazos establecidos na contratación pública.”



Polo que dende o concello de Sarria se solicita a modificación do convenio de referencia no que atinxe a data límite de execución das actuacións obxecto do convenio.

Terceiro.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula quinta. Duración do convenio interadministrativo.

(...)

A data límite da vixencia do convenio será a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."

Na cláusula sexta. Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

Cuarto.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Sarria, a petición de modificación do prazo formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Sarria, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios e extraordinarios do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente modular a petición expresa do concello de Sarria, no relativo ao novo prazo de execución de acordo ás causas reflectidas na solicitude, establecendo como nova data límite de execución o 31 de decembro de 2023.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes no "Adquisición e instalación de videomarcador para o pavillón José Mario González de Sarria", formalizado o 14 de xuño de 2023 , nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Fomento e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes na “Adquisición e instalación de videomarcador para o pavillón José Mario González de Sarria”, formalizado o 14 de xuño de 2023, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas en tanto non se vexan afectadas por esta modificación:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Sarria co obxecto de colaborar na “Adquisición e instalación de videomarcador para o pavillón José Mario González de Sarria”.

Reunidos

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente e deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra, don Claudio Melquiades Garrido Martínez, con DNI nº: 09695469A, alcalde do Concello de Sarria, con NIF: P2705700I, e sede social en Sarria, na rúa Maior, nº 14, que actúa en nome e representación da citada entidade, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.



Primeiro.- O 14 de xuño de 2023 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria para a execución dos fins comúns consistentes na “Adquisición e instalación de videomarcador para o pavillón José Mario González de Sarria”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 19 de maio de 2023.

Segundo.- O representante legal do Concello de Sarria en data 18/09/2023, expediente 2023/PES_03/019741 presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado no que atinxe a cláusula Terceira no referido á data límite de execución das actuacións obxecto deste convenio, ao abeiro do disposto na cláusula sexta do amentado convenio.

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- A Cláusula Terceira.- Obrigas e compromisos das partes queda redactada do seguinte xeito:

“(…)

3.2. O Concello de Sarria:

“(…)

9. Executar as actuación obxecto deste convenio na data límite do 31 de decembro de 2023.

Segunda.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 2 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2022/023, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 21 de abril de 2023 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2022/023, correspondente á Asociación Amigos da Feira as obras de “Acondicionamento Local da Asociación”, concedéndolle unha subvención por importe de 2.770,29 €.

Terceiro.- A Asociación Amigos da Feira, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 21 de abril de 2023.

